

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 17 DE NOVEMBRO

DE 2014

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezasete de novembro de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe, don Manuel Marante Gómez e don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén, como secretaria xeral, dona María Luísa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de datas 3 e 10 de novembro de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 3 e 10 de novembro de 2014.

Con respecto á sesión do día 3 de novembro de 2014, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión (non asistiu don Felipe Andreu Barallobre), aprobou o citado borrador.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, acordou deixar o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de novembro de 2014 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia

- Lei 9/2014, do 30 de outubro, de reforma da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa legislativa popular ante o Parlamento de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 217, do día 12 de novembro de 2014).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que, en relación coa administración electrónica, están esperando para integrarse coa Deputación provincial en dous proxectos máis, o programa de contabilidade, e están esperando a que se adxudique o contrato de padrón para sumarse ao proxecto.

Tamén esperan adherirse á Deputación provincial en materia de contratación das telecomunicacións. Engade que ten os pregos preparados dende hai meses, pero non se iniciou porque a Deputación provincial o iniciará e incluíra aos concellos. Di que en función da adxudicación da Deputación provincial, se valorará se convén ao concello.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que esta semana comezan as obras das rúas Abeleira, Martin Codax e Estanque. Engade que se enviará un escrito aos veciños, pedindo desculpas polas molestias que se lles vai ocasionar.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que as obras de pavimentación do polígono remataron a semana pasada. Esta semana subirán as tapas de saneamento e a sinalización horizontal farase cando non choiva.

A continuación e con respecto ao POS 2013 complementario, informa que teñen uns problemas coa xustificación da baixa temeraria. Di que a segunda empresa non xustificou e agora están á espera de que a terceira empresa presente a documentación, dado que non está incurso en baixa temeraria.

Están a xestionar as autorizacións para o POS 2015. Engade que se levou, incluso, en man, para ver se se teñen as autorizacións o venres.

Para rematar a súa intervención, don Manuel Marante Gómez informa que están a redactar o proxecto para o PEIM 2014-2015 da Xunta de Galicia, onde se incluíra a pavimentación de camiños.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que o pasado sábado se decidiu o premio da edición número XXXI do certame de pintura "Concello de Cambre". Engade que quedou ganador don Eugenio Ocaña coa obra "Pelirroja". O autor é de Granada.

A continuación informa que a partir do día de hoxe e ata o día 17 de decembro se abre o prazo para presentar as obras no terceiro certame de relato breve de Nadal.

Igualmente, informa que o venres, día 21, e o sábado, día 22, terá lugar a representación da obra "Demolición" da compañía Talía Teatro, no centro sociocultural do Graxal, ás 20.30 horas.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona María Jesús González Roel informa que esta semana se recibiu dende o comité de UNRWA, Axencia da ONU para os refugiados de Palestina, un escrito no que agradece a achega que fixo Cambre a través do Fondo Galego de Cooperación para a axuda psicosocial á poboación.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que se están a preparar os orzamentos do ano 2015. Deu a instrución para que todos os departamentos os preparen. Engade que ten a intención, se non se presenta ningunha incidencia, de que os teñan os grupos municipais a finais de ano.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que xa se iniciaron as obras dos dous parques biosaúdables en Sigrás e no Balado.

Tamén informa que se iniciou a obra de adecuación e mellora da pista do Temple, que está situada na rúa Otero Pedraio.

Para rematar a súa intervención, don Fernando Caride Suárez informa que o día 25 de novembro se recibirá no salón de sesións, á patinadora de Cambre, Aida Vieites Pier.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Manuel Rivas Caridad

Mª Luisa de la Red Ampudia